

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005  2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Trasnos con figura de vaca

Versión 1:

»Foi unha vez, hombre. Unha vez unha señora aí de Manolín de Vilamaior, incluso era media irmá de miña mai, i ela, se conoce, que la acometía o trasno.

Así polo oscurecido, cuando marchou, eu tería oito ou nove anos, era un crío, mandoume que fose con ela. E díxome:

Vén comigo aí hasta A Regueira.

Claro, quedaba así no medio do camín. Pero salimos e había unha vaca pacendo aí ó lado de abaxo, ó fondo da nosa horta, máis ou menos onde ta agora a horta. Levaba o cinzarro e pacía, era así algo bravo.

Ela non me dixo nada. Eu aquela vaca conocina que era da casa dela, era de Manolín, e sei como se chamaba.

Ela seguiu, e eu; seguimos. Ela non me dixo nada da vaca nin nada de nada. A vaca subiu pa riba, pasou arriba do camín, foi cuanda nós. Chegou ó rego, había que saltar alí pra un prado, tirou unhas pedras pra saltar, e saltou, e seguiu tocando o cinzarro por aló arriba.

I eu fun hasta a porta con ela. Pero eu, de volta, viña solo, claro, pero a min non se me apareceu nada. Eso acórdolo i eso pasoume. A min directamente o trasno nunca figuras me saliu».

Versión 2:

»I outra vez viñámosche de Fonsagrada, Landeira de Veiga, Casanova de Vilamaior i eu, e chegamos riba da horta, eu aínda era un chaval tamén, aínda non fora á mili, e dixo Casanova:

□ ¡Coño, onde ta a miña marela! ¡Aí, nas hortas!

E díxolle Landeira:

□ ¡Vou eu sacala!

Bueno, marchou Landeira sacala. Pasou da horta de riba, que tu conoces, pás hortas de abaxo. E Landeira baixou ás hortas de abaxo pero a vaca marchou pa cortiña. Entonces deixou a vaca. E díxolle:

□ ¡Vai e mira a ver se tein a vaca na corte, ho!

E foi e, claro, a vaca taba na corte».

BIBLIOGRAFÍA

FONTE:

ARQUIVO CHAIRA: Transcrición das versións orais de GONZALO FERNÁNDEZ (76 anos), Candelos, Arroxo, A Fonsagrada (Lugo), decembro de 1999.

BIBLIOGRAFÍA:

CARNERO, O., CUBA, X., REIGOSA, A. E SALVADOR, M., «Unha polavila en Candelos. Literatura popular do concello da Fonsagrada», en Boletín do Museo Provincial de Lugo, tomo X, páx. 137-176.